

INFORME RENDAS SALARIAIS GALIZA. 2004

GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL



Confederación Intersindical Galega

1.- En 2004 medrou a taxa de actividade, a taxa de paro, e a temporalidade.

Cos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a través da Enquisa de Poboación Activa, podemos analizar a situación do mercado laboral galego no ano 2004.

Así mesmo, aproveitando o debate suscitado polo recente referendo sobre o tratado constituínte da Unión Europea, tentaremos facer unha comparativa das principais magnitudes do mercado laboral, para ver como nos situamos, laboralmente, con respecto á Unión Europea. Neste caso, os datos son os correspondentes a 2003, último ano do que hai información dispoñíbel.

En primeiro lugar, reflectimos a evolución das principais variábeis básicas en Galiza na táboa que segue.

	2003	2004	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
Pob. maior de 16 anos	2.380,9	2.386,7	5,8	0,2
Activos	1.265,2	1.294,6	29,4	2,3
Ocupados	1.105,4	1.120,3	14,9	1,3
Parados	159,8	174,3	14,5	9,0
Inactivos	1.115,7	1.092,0	-23,7	-2,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

Ao igual que pasara no ano 2003, prodúcese un aumento importante da poboación activa galega, que procede non tanto dun aumento da poboación con máis de 16 anos como dun transvasamento de persoas inactivas a activas; de feito a poboación inactiva descende un 2,1% (23.700 persoas), e a poboación activa medra un 2,3% (29.400), polo que soamente 5.800 persoas proceden dun aumento da poboación con máis de 16 anos.

Estes novos activos distribúense a parte iguais entre ocupados e parados, producindo así un incremento tanto das taxas de ocupación como de paro, tal e como se reflite no cadro seguinte:

Taxas de actividade, ocupación e paro.

	Homes		Mulleres		Total	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
Taxa de actividade	63,4	63,8	43,8	45,5	53,1	54,2
Taxa de ocupación	58,1	58,1	35,8	36,8	46,4	46,9
Taxa de paro	8,3	9,0	18,3	19,1	12,6	13,5

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

Desde o ano 2001, mantense esta tendencia: medra a taxa de actividade (porcentaxe de persoas con máis de 16 anos que están traballando ou paradas, a forza de traballo), medra a taxa de ocupación (porcentaxe de persoas con emprego sobre a poboación en idade de traballar) e medra a taxa de paro (porcentaxe das persoas en paro sobre a forza de traballo), pero estes movementos ou cambios afectan fundamentalmente ás mulleres; o último ano non foi unha excepción.

No 2004 a **taxa de actividade** alcanza o 54,2% da poboación con máis de 16 anos, 1,1 puntos superior ao ano anterior; o medre afectou maioritariamente ás mulleres entre as que medrou 1,7 puntos, fronte aos 0,4 dos homes. A pesar deste aumento nada desprezável, non podemos esquecer que a taxa de actividade feminina é moi cativa; só o 45,5% das mulleres con máis de 16 anos están no mercado laboral, traballando ou paradas, fronte ao 63,8% dos homes.

A comparación cos países do noso contorno ofrece os seguintes resultados:

Taxas de actividade por sexos na UE. Ano 2003

	Total	Homes	Mulleres
Bélxica	51,4	60,3	42,9
Dinamarca	65,5	71,4	59,7
Alemaña	57,3	65,4	49,7
Grecia	48,6	60,2	37,8
Estado español	54,1	66,3	42,6
Francia	56,1	62,9	49,9
Irlanda	59,6	70,4	49,2
Italia	49,3	62,1	37,3
Luxemburgo	54,8	65,5	44,8
Holanda	64,7	73,2	56,3
Austria	58,9	68,0	50,8
Portugal	62,1	70,0	54,9
Finlandia	62,8	67,7	58,3
Suecia	62,8	66,7	58,9
Reino Unido	62,5	70,4	54,8
Unión Europea	56,7	65,8	48,1
Galiza	53,1	63,4	43,8

Fonte: Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales 2003. MTAS

- ✓ A taxa de actividade total en Galiza é 3,6 puntos inferior á media comunitaria.

- ✓ A taxa de actividade masculina é 2,4 puntos inferior á media comunitaria.
- ✓ A taxa de actividade feminina é 4,3 puntos inferior á media comunitaria.
- ✓ As diferenzas entre taxas de actividade masculinas e femininas son de 17,7 puntos na media comunitaria e de 19,6 en Galiza.
- ✓ Con respecto ao Estado español é 1 punto máis baixa; neste caso debido á menor taxa de actividade masculina, xa que a feminina é lixeiramente maior en Galiza.
- ✓ Dentro da UE hai fortes diferenzas entre países: 16 puntos entre o de maior taxa (Holanda) e o de menor (Grecia); debido fundamentalmente ás diferenzas entre as taxas femininas que acadan os 22 puntos; as masculinas 10 puntos.

Volvendo á situación galega, no que atinxe á **taxa de ocupación**, esta é do 46,9% no 2004, é dicir, de cada 100 persoas con máis de 16 anos 46,9 están traballando (na media estatal 49,6%); tamén neste caso as diferenzas entre homes e mulleres son moi acusadas: a taxa de ocupación masculina é do 58,1% (a mesma que no ano anterior) e entre as mulleres soamente do 36,8%, un punto máis que no ano anterior, e un punto menos que a media estatal.

Novamente a comparación coa UE fornece datos interesantes:

Taxas de ocupación por sexos na UE. Ano 2003

	Total	Homes	Mulleres
Bélxica	47,4	55,8	39,5
Dinamarca	61,9	67,8	56,3
Alemaña	51,7	58,7	45,1
Grecia	44,2	56,8	32,7
Estado español	48,1	61,0	35,9
Francia	51,1	57,8	44,9
Irlanda	56,9	66,9	47,2
Italia	44,9	57,9	32,9
Luxemburgo	52,8	63,4	42,6
Holanda	62,3	70,6	54,2
Austria	56,2	64,5	48,6
Portugal	58,3	66,4	50,9
Finlandia	56,3	60,3	52,5
Suecia	59,3	62,7	56,0
Reino Unido	59,5	66,6	52,5
Unión Europea	52,2	61,0	43,9
Galiza	46,4	58,1	35,8

Fonte: Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales 2003. MTAS

- ✓ A taxa de ocupación en Galiza é 5,8 puntos inferior á media comunitaria.
- ✓ A diferenza na taxa de ocupación masculina é de 2,9 puntos.
- ✓ Entre as mulleres, a porcentaxe de ocupadas é 8,1 puntos inferior a media comunitaria.

- ✓ O igual que na taxa de actividade, as diferenzas entre taxa de ocupación masculina e feminina son maiores en Galiza (22,3 puntos) que no media europea (17,1 puntos).

- ✓ Hai forte diverxencias entre os distintos países comunitarios; a maior distancia está entre Dinamarca e Grecia con 17,7 puntos de diferenza; novamente son as taxas femininas as que marcan as desigualdades onde as diferenzas chegan ós 23,8 puntos, as masculinas 12 puntos.

- ✓ O estado español é o cuarto país con menor taxa de ocupación.

Polo que respecta á **taxa de paro**, novamente se produciu un incremento, dun 12,6% en 2003 pasamos a un 13,5% no ano 2004, na media estatal é do 10,6%. Aquí, tamén as diferenzas por sexos volven a ser importantes: a taxa de paro masculina é do 9% e a feminina do 19,1%, máis de 10 puntos de diferenza. Na media estatal acada ó 7,8% dos homes activos e o 14,8% das mulleres.

As distancias coa media europea son enormes.

Taxas de paro por sexos na UE. Ano 2003:

	Total	Homes	Mulleres
Bélxica	7,7	7,4	8,0
Dinamarca	5,4	5,1	5,7
Alemania	9,8	10,2	9,3
Grecia	8,9	5,7	13,6
Estado Español	11,1	7,9	15,8
Francia	9,0	8,2	9,9
Irlanda	4,5	4,8	4,0
Italia	8,9	6,9	11,9
Luxemburgo	3,7	3,0	4,6
Holanda	3,6	3,5	3,8
Austria	4,7	5,1	4,3
Portugal	6,1	5,2	7,2
Finlandia	10,5	11,0	9,9
Suecia	5,6	6,1	5,0
Reino Unido	4,8	5,4	4,0
Unión Europea	8,0	7,4	8,8
Galiza	12,6	8,3	18,3

Fonte: Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales 2003. MTAS

No que atinxe á taxa de paro, hai unha lideranza clara por parte do Estado español no seo da Unión Europea; en Galiza a situación é máis preocupante.

- ✓ Galiza ten unha taxa de paro 4,6 puntos superior á media comunitaria.
- ✓ A taxa de paro masculina non chega a superar nun punto á media da UE.
- ✓ A taxa de paro das mulleres galegas supera en 9,5 puntos a media europea.
- ✓ As diferenzas entre as taxas de paro masculinas e femininas na UE son de 1,4 puntos; en Galiza de 10 puntos. No Estado español de 7,9 puntos.
- ✓ O Estado español é o país coas maiores taxas de paro, tanto masculinas como femininas.
- ✓ No seo da UE, as maiores distancias prodúcense entre o Estado español, cun 11,1% de parados, e Holanda, cun taxa de paro de soamente o 3,6%.

Da análise destas tres variábeis podemos concluír que Galiza está moi lonxe de media comunitaria, distancia que marca fundamentalmente a situación laboral das mulleres, cunhas taxas de actividade e ocupación por debaixo da media comunitaria e unhas taxas de paro moi por riba. No caso dos homes a situación está en consonancia coa media europea.

Volvendo á análise da situación galega.

Despois da caída no ano 2004, o sector primario é o que menos activos ocupa en Galiza.

A desfeita do sector primario en Galiza parece non ter fin. Neste último ano perdéronse un 7,8% dos ocupados nel, 10.700 persoas. A este grave perda de emprego temos que engadir o avellentamento da súa poboación: o 45% dos ocupados no mesmo no ano 2004 tiñan máis de 50 anos.

A falla de datos neste último ano non nos permite concretar se foi na pesca, na agricultura ou nas dúas onde descendeu a ocupación. No resto dos sectores, en todos, produciuse un aumento da ocupación:

Ocupados por sector económico

	2003	2004	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
S. Primario	136,7	126,0	-10,7	-7,8

Industria	214,6	215,5	0,9	0,4
Construcción	129,4	134,7	5,3	4,1
Servizos	624,7	644,2	19,5	3,1
Total	1.105,4	1.120,3	14,9	1,3

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

En valores absolutos, o aumento máis importante produciuse no sector servizos, 19.500 novas persoas traballando nel, un 3,1% máis que no ano anterior. Neste caso, non podemos esquecer que o ano 2004 foi Ano Xacobeo, o que produce un tirón do turismo e o conseguinte medre do emprego nos servizos.

O emprego na industria practicamente se mantivo e medrou un 4,1% na construción.

A evolución sectorial da ocupación no que vai de século foi como segue:

	S primario	Industria	Construcción	Servizos	Total
2000	174,7	186,2	123,8	550,8	1.035,4
2001	158,3	206,5	130,3	567,6	1.062,7
2002	138,1	218,1	133,4	582,6	1.082,2
2003	136,7	214,6	129,4	624,7	1.105,4
2004	126,0	215,5	134,7	644,2	1.120,3

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

O sector primario persiste na traxectoria descendente. Nestes últimos 5 anos perdeu o 28% dos seus ocupados. Sendo Galiza, até o de agora, unha comunidade eminentemente agraria e pesqueira, hoxe o sector primario é o que menos activos ocupa, incluso menos que a construción.

É certo que a produtividade neste sector medrou fortemente, pero tamén é certo que a produción medrou moi pouco nos últimos anos, e non debemos esquecer a importancia tanto directa como indirecta deste sector na nosa economía. Só un dato: segundo as últimas táboas input-output, 5 dos 10 primeiros produtos, en valor, que se exportaron en Galiza procedían directa ou indirectamente do sector primario.

No polo oposto sitúase o sector servizos, con case 100.000 empregados máis que a principios de século, un aumento do 17%. Hoxe, o 57,5% dos traballadores galegos están ocupados no sector servizos.

Nada desprezável é o medre da industria, cun 16% máis de ocupados que no ano 2000. Este sector probabelmente sufra un retroceso importante no ano 2005; peche de Valeo en Ourense, prexubilados en Izar... O número de perdas de postos de traballo xa é importante e o ano está comezando.

O sector da construción nestes últimos anos viviu un auxe importante. A cifra de ocupados acadou valores históricos, pero é difícil que se manteña por máis anos este ritmo de crecemento.

☑ Os asalariados acadan o 74,3% do total de ocupados.

No ano 2004 hai 14.300 ocupados máis que hai un ano como asalariados no mercado laboral galego. Continúa, polo tanto, o tránsito das outras profesións para asalariados; basicamente descende o número de empresarios e medra o de asalariados, algo concordante coa evolución sectorial do emprego.

Ocupados por situación profesional.

	2003	2004	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
Empresarios	255,3	253,1	-2,2	-0,8
Axudas familiares	30,7	33,0	2,3	7,4
Asalariados/as	818,8	833,1	14,3	1,7
Outros	0,7	1,1	0,4	0,5
Total	1.105,4	1.120,3	14,9	1,3

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos millares.

Se cadra o máis rechamante sexa a evolución das axudas familiares, profesión moi ligada ao sector primario, e que medre nun momento no que este descende. Ademais o incremento repártese a partes iguais entre sector primario e servizos.

Outra característica das axudas familiares é que é unha “profesión” maioritaria feminina (o 70% son mulleres), e neste ano o incremento do emprego afectou principalmente ás mulleres.

O emprego medrou entre as mulleres (un 2,9%, 13.300 novas ocupadas, fronte a 1.000 homes), e entre elas, medrou a temporalidade.

☑ Medra a temporalidade entre as mulleres e descende entre os homes.

Porcentaxe de asalariados segundo tipo de contrato e sexo.

	2003			2004		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
C. Indefinido	67,7	63,1	65,9	68,5	62,2	65,9
C. temporal	32,2	36,8	34,1	31,4	37,7	34,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos en %.

A taxa global de temporalidade mantense neste último ano con respecto ao anterior, pero cando analizamos por sexos, producíronse diferenzas significativas.

Comentabamos anteriormente que o medre do emprego no 2004 afectou case unicamente ás mulleres, emprego asalariado maioritariamente e temporal.

A taxa de temporalidade feminina acadou o 37,7% da poboación asalariada feminina, un dos valores máis altos que se teñen acadado, un punto máis que o ano anterior. Entre os homes descendeu, dun 32,2% no 2003 a un 31,4% no 2004.

Na táboa seguinte reflectimos os datos da taxa de temporalidade dos distintos países da Unión Europea para o ano 2003:

Taxas de temporalidade por sexos na UE. Ano 2003.

	Total	Homes	Mulleres
Bélxica	8,6	6,4	11,3
Dinamarca	9,6	7,9	11,3
Alemania	12,2	12,1	12,3
Grecia	11,1	9,7	13,2
Estado español	30,6	28,6	33,5
Francia	12,4	11,0	14,1
Irlanda	5,1	4,3	6,0
Italia	9,5	7,9	11,8
Luxemburgo	3,2	2,5	4,1
Holanda	14,6	12,8	16,7
Austria	7,2	7,5	6,8
Portugal	20,6	19,1	22,3
Finlandia	17,9	14,2	21,5
Suecia	15,8	13,6	18,0
Reino Unido	5,8	5,	6,6
Unión Europea	12,8	11,8	13,9
Galiza	34,1	32,2	36,8

Fonte: Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales 2003. MTAS

- ✓ A taxa de temporalidade en Galiza supera en 21,3 puntos á media comunitaria.
- ✓ As diverxencias son maiores entre as taxas de temporalidade femininas (22,9 puntos) que masculinas, 20,4 puntos.

- ✓ A distancia entre a porcentaxe de homes e mulleres con contrato temporal na Unión Europea é de 2,1 puntos, no Estado español de 4,9 e en Galiza de 4,6.
- ✓ O Estado español é o país da UE con maior proporción de asalariados con contrato temporal; séguelle Portugal a 10 puntos de distancia.

☑ **Medrou a temporalidade no sector público.**

Tampouco a evolución foi homoxénea entre o sector público e o privado.

	2003			2004		
	S. público	S. privado	Total	S. público	S. privado	Total
C. Indefinido	76,2	62,9	65,9	75,4	63,3	65,9
C. temporal	23,7	37,0	34,1	24,5	36,6	34,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos en %.

É rechamante que, destinando contías importantes para intentar reducir a temporalidade, sexa no sector público onde se incrementa; no último ano a taxa de temporalidade no sector público alcanzou o 24,5% dos asalariados fronte o 23,7% no ano anterior. No sector primario reduciuse en catro décimas.

No que atinxe á rotación do emprego, mantívose nos mesmos termos que o ano anterior. Cada asalariado cun contrato temporal asinou unha media de 2,4 contratos; no caso das mulleres 2,5.

A proporción tan elevada de contratos temporais que se rexistran en Galiza, e no Estado español, con respecto á Unión Europea, evidencia que o problema da temporalidade aquí excede a propia etapa capitalista de neoliberalismo exacerbado, pola que tamén está pasando o resto de Europa e onde a temporalidade está moito máis controlada.

Tampouco non se xustifica en termos de competitividade xa que sectores como a administración pública, nada exposta á competencia, presenta en Galiza unha taxa de temporalidade do 24,5% e medrando. Algo semellante ocorre coa construción, onde a temporalidade afecta a preto do 60% dos seus traballadores en Galiza e tampouco é un sector exposto á competencia exterior.

Tampouco non está xustificada en termos causais, é dicir, polas características do posto de traballo, senón que se estendeu entre a clase empresarial e política, o uso ou o costume da utilización deste tipo de contratación. Non debemos esquecer que a precariedade e a fragmentación do mercado laboral

foi resultado dun proceso de desregulación laboral por parte do estado, e a el correspóndelle fundamentalmente solventar o problema, regulando globalmente o fenómeno da descentralización produtiva e a utilización abusiva da temporalidade.

☑ O 28,8% dos parados levan máis de 2 anos sen emprego.

O paro estimado medrou en todos os colectivos salvo nos que levan menos tempo no desemprego.

Parados segundo tempo á procura de emprego.

	2003			2004		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 6 meses	25,1	27,7	52,8	24,0	28,7	52,7
De 6 a 11 meses	10,4	16,3	26,7	13,8	19,0	32,8
De 1 ano a menos de 2	7,6	17,2	24,9	9,6	18,0	27,6
De 2 anos a menos de 3	3,7	8,9	12,6	3,0	11,1	14,1
Tres anos ou máis	7,6	25,5	33,1	9,2	27,0	36,2
Xa atopou traballo	5,2	4,5	9,7	5,6	4,7	10,3
Total	59,7	100,1	159,8	65,5	108,8	174,3

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos millares.

Produciuse un aumento importante do desemprego neste último ano. Estímase que o paro medrou un 9% ao longo do ano 2004, incremento que afectou tanto a homes como a mulleres. A finais do 2004 o 62,6% dos parados galegos son mulleres.

Segundo o tempo á procura de emprego, soamente se mantivo nos que levan menos de 6 meses desempregados, que por outra parte é o colectivo maior, en parte debido á elevada rotación do emprego existente.

No resto medrou en todos os grupos.

Parados segundo traballaran antes ou non por sexos:

	2003			2004		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Parados						
Buscan 1º emprego	9,8	25,3	35,1	8,9	26,5	35,4
Xa traballaron	49,9	74,7	124,7	56,6	82,3	138,9
Total	59,7	100,1	159,8	65,5	108,8	174,3

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos millares.

Entre os parados que buscaron o seu primeiro emprego, no 2004 apenas se produciron variacións; mantéñense en torno aos 35.000, un 20% do total, dos cales o 75% eran mulleres.

A maioría son parados “reincidentes”, entre os que o paro aumentou un 11,4%.

☑ **A poboación inactiva descende un 2,1% no 2004.**

Diciamos ao comezo deste documento que ao longo do 2004 se producira un importante descenso da poboación inactiva en Galiza; na táboa seguinte amósase a situación no 2004 e a evolución con respecto ao ano anterior.

Poboación inactiva por situación de inactividade:

	2003	2004	Variación	
			Absoluta	Relativa
Estudantes	196,9	186,7	-10,2	-5,1
Labores da casa	270,8	252,0	-18,8	-6,9
Retirados, xubilados e pensionistas	578,2	580,7	2,5	0,4
Incapacidade permanente	45,5	54,5	9,0	19,7
Outros	24,3	18,3	-6,0	-24,6
Total	1.115,7	1.092,0	-23,7	-2,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos millares.

A perda de poboación inactiva débese fundamentalmente ao descenso de estudantes e amas de casa; en ambos os colectivos se produciron importantes decrementos de poboación.

O descenso de persoas inactivas como labores de casa está en consonancia co incremento da actividade feminina, xa que este colectivo está composto maioritariamente por mulleres.

Por outra banda, o forte avellentamento da poboación galega maniféstase no importante número de persoas que están retiradas ou xubiladas, colectivo que acada o 53% dos inactivos; só no último ano medrou un 0,4%.

2.- Os contratos rexistrados medraron un 3% no 2004.

Ao longo de 2004 rexistráronse nas oficinas do Instituto Nacional de Emprego (INEM), en Galiza, 766.023 contratos, un 3,01% máis dos rexistrados no ano anterior; deles, 33.012 son contratos antigos convertidos en indefinidos, o resto son contratos de nova creación.

A desagregación, segundo as distintas modalidades, e a evolución con respecto ao ano anterior, recóllese no cadro seguinte:

	2003		2.004		Variación
	Total	%	Total	%	
Duración temporal	683.433	91,90	701.778	91,61	2,68
Por obra ou servizo determinado	273.109	36,72	278.444	36,35	1,95
Event. por circunstancias da prod.	274.962	36,97	294.076	38,39	6,95
Interinidade	68.898	9,26	68.620	8,96	- 0,40
Temporal para minusválidos	503	0,07	548	0,07	8,95
Substit. por xubilac. aos 64 anos	29	0,00	60	0,01	106,90
Prácticas	6.565	0,88	6.735	0,88	2,59
Formación lei 63/97	15.298	2,06	14.255	1,86	- 6,82
Relevo	667	0,09	869	0,11	30,28
Temporal de inserción	11.717	1,58	7.090	0,93	- 39,49
Xubilación parcial	647	0,09	888	0,12	37,25
Outros	31.038	4,17	30.193	3,94	- 2,72
Duración indefinida	60.239	8,10	64.245	8,39	6,65
Indefinidos ordinarios	17.273	2,32	17.393	2,27	0,69
Indefinidos lei 63/97	13.710	1,84	13.295	1,74	- 3,03
Minusválidos	465	0,06	545	0,07	17,20
Contratos convertidos en indefinidos	28.791	3,87	33.012	4,31	14,66
Total contratos	743.672	100,00	766.023	100,00	3,01

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Segundo coa tendencia dos últimos anos, a maioría dos contratos rexistrados son baixo algunha modalidade de duración temporal; en concreto o 91,6% do total. Este dato, se incluímos os convertidos en indefinidos; se excluímos estes, e temos soamente en conta os de nova creación o 97,5% do total son de duración temporal, un 2,7% máis que no ano anterior. Os indefinidos de nova creación apenas medraron un 0,7%.

É dicir, é practicamente imposíbel incorporarse ao mercado laboral cun contrato indefinido. A cultura da temporalidade é de tal magnitude que hai que pasar necesariamente por un contrato temporal para acceder a un indefinido; e aínda así son poucos os que o conseguen.

Outro dato que destaca a primeira vista destes datos é o forte contraste entre o medre da ocupación e o número de contratos rexistrados. No ano 2004, o número de ocupados aumentou, de media, en 14.900 persoas, e rexistráronse máis de 766.000 contratos; o que pon en evidencia o elevadísimo movemento a que están sometidos unha parte moi importante dos asalariados galegos.

➤ Os contratos indefinidos acadan o 8,4% do total.

Só o 8,4% dos contratos formalizados no 2004 foron de duración indefinida

	2003		2004		Variación
	Total	%	Total	%	
Duración indefinida					
Indefinidos ordinarios	17.273	28,67	17.393	27,07	0,69
Indefinidos lei 63/97	13.710	22,76	13.295	20,69	- 3,03
Minusválidos	465	0,77	545	0,85	17,20
Contratos convertidos en indefinidos	28.791	47,79	33.012	51,38	14,66
Total	60.239	100,00	64.245	100,00	6,65

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Fóra dos convertidos en indefinidos, que acollen máis 50% do total, seguen sendo os ordinarios os maioritariamente usados, aínda que perdendo peso a favos dos indefinidos lei 63/97.

Pero máis salientábel que o número dos rexistrados é o feito de que descende o número de asalariados con contrato indefinido no ano 2004 con respecto ao anterior. O número de asalariados con contrato indefinido, segundo a Enquisa de Poboación Activa, foi, de media, de 509.500 en 2004, mentres que en 2003 foran 539.500 os asalariados cun contrato fixo, un 5,5% menos, 30.000 traballadores.

É dicir, que os contratos indefinidos rexistrados en 2004 foron inferiores, en 30.000, aos traballadores que deixaron o mercado laboral e que tiñan un contrato indefinido. As xubilacións, prexubilacións, peches de empresas... explican unha parte deste fenómeno pero, sen dúbida, o aproveitamento "fraudulento" por parte das empresas das bonificacións a que están sometidos unha parte importante dos contratos indefinidos tamén.

As fortes axudas que se están destinando a frear a temporalidade quedan en entredito á vista destes datos, onde se pon de manifesto un medre importante da temporalidade: máis asalariados, menos con contrato indefinido. Cómpre unha viraxe importante destas políticas, que para o único que están servindo é para engrosar os resultados empresariais.

➤ Os contratos eventuais por circunstancias da produción foron os máis utilizados no 2004.

Os contratos de duración temporal acadaron os 701.778, un 2,7% máis que o ano anterior. A evolución segundo as distintas modalidades foi como segue:

	2003		2.004		Variación
	Total	%	Total	%	
Duración temporal					
Por obra ou servizo determinado	273.109	39,96	278.444	39,68	1,95
Event. por circunstancias da prod.	274.962	40,23	294.076	41,90	6,95
Interinidade	68.898	10,08	68.620	9,78	- 0,40
Temporal para minusválidos	503	0,07	548	0,08	8,95
Substit. por xubilación aos 64 anos	29	0,00	60	0,01	106,90
Prácticas	6.565	0,96	6.735	0,96	2,59
Formación lei 63/97	15.298	2,24	14.255	2,03	- 6,82
Relevo	667	0,10	869	0,12	30,28
Temporal de inserción	11.717	1,71	7.090	1,01	- 39,49
Xubilación parcial	647	0,09	888	0,13	37,25
Outros	31.038	4,54	30.193	4,30	- 2,72
Total	683.433	100,00	701.778	100,00	2,68

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Os eventuais por circunstancias da produción convertéronse neste último ano na modalidade máis usada, preto do 42% dos temporais e un 38,4% do total. Estes contratos, cuxa finalidade é atender as exixencias circunstanciais do mercado, teñen unha duración máxima de 12 meses; no último ano o 43,7% dos mesmos tiveron unha duración inferior ao mes. Este dato pon en evidencia a escasa duración que acompaña a temporalidade no emprego.

Os de obra ou servizo determinado son os segundos en importancia, co 39,6% do total; entre estes e os eventuais acapan máis do 80% do total.

Estes contratos, de obra, por definición non levan implícita a duración do contrato, polo que, ao seren tan numerosos, desvirtúan a duración media dos contratos.

O resto das modalidades, salvo os de interinidade, que descenderon un 0,4% neste último ano, son escasos e con evolucións moi dispares.

Os temporais de inserción, destinados a traballadores desempregados para participar en programas públicos, entre os que se inclúe o Plan Labora, descenderon preto dun 40% no 2004; soamente se rexistraron 7.090.

➤ **O 44,5% dos contratos de duración determinada duran menos dun mes.**

A continuación, preséntanse os contratos de duración temporal segundo a súa duración.

Contratos de traballo segundo a duración											
	< 7 días	7 a 15 días	15 días a 1 mes	1 a 3 meses	3 a 6 meses	6 a 12 meses	12 a 18 meses	18 a 24 meses	> de 24 meses	indeterm.	Total
Duración temporal											0
Por obra ou serv. det	15.000	1.454	3.012	7.952	5.929	6.048	227	135	669	238.018	278.444
Event. por circ prod.			128.545	84.979	69.157	11.395					294.076
Interinidade	9.060	4.753	8.151	5.199	2.438	671	62	19	14	38.253	68.620
Temp para minusv						529	17	2			548
De inserción	482	2	12	960	1.546	4.004	84				7.090
De relevo			1	1	3	16	27	41	780		869
Xub. Parcial	1	1	1	1	3	16	14	36	760	55	888
Substit. xub 64 anos						60					60
Prácticas					2.916	3.587	89	143			6.735
Formación lei 63/97					12.968	1.195	39	40	13		14.255
Outros	11.092	255	284	136	358	523	13	12	11	17.509	30.193
											0
Total	35.635	6.465	140.006	99.228	95.318	28.044	572	428	2.247	293.835	701.778
%/total	5,08	0,92	19,95	14,14	13,58	4,00	0,08	0,06	0,32	41,87	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Novamente encontramos o forte peso dos contratos de duración indeterminada, 41,8% do total, debido á abundancia de contratos de obra, que por propia definición non determinan de antemán a duración do contrato, o cal desvirtúa o resto das porcentaxes, xa que moitos destes deberían estar incluídos nalgunha das columnas anteriores por ser a súa duración inferior aos 24 meses.

Para obviar ou sortear este inconveniente, optamos por deixar a un lado este tipo de contratos, de duración indeterminada, co cal se reflite unha foto máis real da duración dos contratos.

Contratos temporais de duración determinada. Ano 2004

	< 7 días	7 a 15 días	15 días a 1 mes	1 a 3 meses	3 a 6 meses	6 a 12 meses	12 a 18 meses	18 a 24 meses	> de 24 meses	
Duración temporal										
Por obra ou serv. det	15.000	1.454	3.012	7.952	5.929	6.048	227	135	669	40.426
Event. por circ prod.			128.545	84.979	69.157	11.395				294.076
Interinidade	9.060	4.753	8.151	5.199	2.438	671	62	19	14	30.367
Temp para minusv						529	17	2		548
De inserción	482	2	12	960	1.546	4.004	84			7.090
De relevo			1	1	3	16	27	41	780	869
Xub. Parcial	1	1	1	1	3	16	14	36	760	833
Substit. xub 64 anos						60				60
Prácticas					2.916	3.587	89	143		6.735
Formación lei 63/97					12.968	1.195	39	40	13	14.255
Outros	11.092	255	284	136	358	523	13	12	11	12.684
Total	35.635	6.465	140.006	99.228	95.318	28.044	572	428	2.247	407.943
%	8,74	1,58	34,32	24,32	23,37	6,87	0,14	0,10	0,55	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Neste cadro vese claramente como son os contratos de menor duración os maioritarios. O grupo máis abundante son aqueles que duran entre 15 días e un mes, o 34,3% do total, se a estes lles engadimos os de menor duración, atopamos que o 44,5% dos contratos teñen unha duración inferior ao mes.

O 24,3% dura entre 1 e 3 meses e o 23,3% entre 3 e 6 meses, co cal o 92% dos de duración determinada teñen unha vixencia inferior aos 6 meses.

Se non fose polo encadeamento de contratos, a maioría dos parados galegos non terían acceso ás prestacións por desemprego por non teren cotizado o mínimo requirido para iso.

Pero o encadeamento de contratos é elevado. No último ano cada traballador con contrato temporal, 323.500 de media ao longo do ano 2004, asinou unha media de 2,2 contratos.

Con respecto ao ano anterior descendeu a rotación do emprego, non polo aumento da duración dos contratos nin polo descenso dos contratos rexistrados, senón por que houbo un maior número de asalariados con contrato temporal que no ano 2003; de feito a temporalidade aumentou no ano 2004, sobre todo no caso das mulleres.

Unha temporalidade tan alta é a que explica a caída na rotación do emprego, xa que medrou máis o número de asalariados temporais que o número de contratos.

➤ **Medran, fortemente, os contratos a xornada parcial.**

No ano 2004 o 22,1% dos contratos rexistrados no INEM, foron a tempo parcial.

Contratos segundo a duración da xornada:

	2003	2004	Evolución
Xorn. Parcial	147.916	162.678	9,9
Xorn. Completa	565.616	568.695	0,5
Fixos - Descontínuos	1.349	1.638	21,4
Total	714.881	733.011	2,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

O forte medre dos contratos a xornada parcial, moi por riba do aumento medio dos contratos, colócaos un punto e medio por encima do peso que tiñan o ano anterior sobre o total da contratación.

Os fixos descontínuos, a pesar de seren escasos (0,2% do total), veñen rexistrando medres moi importantes nos últimos anos, por riba do 20%.

➤ **Os menores de 29 asinan o 52,7% dos contratos en 2004.**

A distribución por idades e modalidades de contratación foi como se amosa a continuación.

	Idade					Total
	< 25	25 a 29	30 a 39	40 a 44	> =45	
Duración temporal	206.770	167.971	178.230	59.290	89.517	701.778
Por obra ou servizo deter.	72.988	65.100	74.344	25.429	40.583	278.444
Event. por circuns. da prod.	96.834	73.116	70.729	22.705	30.692	294.076
Interinidade	14.371	17.581	20.787	7.238	8.643	68.620
Temporal para minusválidos	80	115	184	72	97	548
Substit. por xubil. aos 64 anos	3	13	23	8	13	60
Prácticas	3.909	2.406	397	17	6	6.735
Formación lei 63/97	12.215	403	704	310	623	14.255
Temporal de inserción	2.442	2.281	965	347	1.055	7.090
De relevo	177	374	232	49	37	869
Xubilación parcial	-	-	-	-	888	888
Outros	3.751	6.582	9.865	3.115	6.880	30.193
Duración indefinida	5.075	6.587	9.141	2.697	7.733	31.233
Indefinidos ordinarios	2.610	3.610	6.451	2.012	2.710	17.393
Indefinidos lei 63/97	2.413	2.886	2.524	614	4.858	13.295
Minusválidos	52	91	166	71	165	545
Total contratos	211.845	174.558	187.371	61.987	97.250	733.011
%total	28,90	23,81	25,56	8,46	13,27	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Como é normal, por seren os últimos en incorporarse ao mercado laboral, é a nome dos máis novos como se rexistran a maioría dos contratos; o que non ten xustificación son as fortes diferenzas entre fixos e eventuais.

Os menores de 29 asinan o 53% dos contratos de duración temporal, pero só o 37% dos de duración indefinida. É evidente que a temporalidade afecta en maior medida aos máis novos.

Se analizamos o intervalo de menores de 25 anos, a situación aínda é máis preocupante; o 97,6% dos contratos asinados po eles, foron temporais, e só se rexistraron un 2,4% de indefinidos.

A maior porcentaxe de contratos indefinidos foi rexistrado a nome de maiores de 45 anos.

➤ **A temporalidade afecta en maior medida ás mulleres.**

A diferenciación por sexos permítenos ver as fortes diferenzas existentes entre ambos.

Contratos por idades					
	Homes	Mulleres	Total	%homes	%mulleres
Duración temporal	377.676	324.102	701.778	53,82	46,18
Por obra ou servizo determinado	174.882	103.562	278.444	62,81	37,19
Event. por circunstancias da prod.	150.932	143.144	294.076	51,32	48,68
Interinidade	19.599	49.021	68.620	28,56	71,44
Temporal para minusválidos	419	129	548	76,46	23,54
Substit. por xubilación aos 64 anos	39	21	60	65,00	35,00
Prácticas	3.397	3.338	6.735	50,44	49,56
Formación lei 63/97	8.783	5.472	14.255	61,61	38,39
Temporal de inserción	3.088	4.002	7.090	43,55	56,45
De relevo	734	135	869	84,46	15,54
Xubilación parcial	797	91	888	89,75	10,25
Outros	15.006	15.187	30.193	49,70	50,30
Duración indefinida	17.615	13.618	31.233	56,40	43,60
Indefinidos ordinarios	12.732	4.661	17.393	73,20	26,80
Indefinidos lei 63/97	4.500	8.795	13.295	33,85	66,15
Minusválidos	383	162	545	70,28	29,72
Total contratos	395.291	337.720	733.011	53,93	46,07

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

A maior presenza masculina no mercado laboral reflítese, loxicamente, na contratación. O 54% do total dos contratos foron asinados por homes e o 46% restante por mulleres; pero esta proporción non se mantén entre fixos e temporais.

Entre os contratos fixos, as mulleres soamente asinaron o 43,6%, en cambio nos de duración temporal, máis do 46%.

Como xa é habitual hai determinadas modalidades, tanto de fixos como de temporais, onde prima un dos dous sexos. Entre os de duración temporal, o de interinidade é un contrato claramente feminino; pola contra, os de relevo e xubilación parcial, son contratos asinados por homes en máis do 80% dos casos.

Entre os de duración indefinida, continúa a mesma tónica de anos anteriores; os indefinidos lei 63/97 son rexistrados maioritariamente a nome de mulleres polas bonificacións que reciben a maioría dos colectivos de mulleres; mentres que os ordinarios, no 73% dos casos asínanos homes.

Podemos concluír que, malia os cuantiosos fondos destinados ás empresas coa finalidade de frear a temporalidade, isto non se está conseguindo; máis ben todo o contrario. No ano 2004 volveuse a producir un incremento importante no número de contratos, 3%; a duración media incluso se reduciu con respecto a 2003, a temporalidade mantense no 34% da poboación asalariada, as mulleres e os máis novos seguen levando a peor parte. Non hai novidades.

3.- O ipc no 2004 alcanzou o 3,2%

mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	xan	feb
2,1	2,7	3,4	3,5	3,4	3,3	3,2	3,6	3,5	3,2	3,1	3,3

A mes de febreiro, último ano disponible, o índice de prezos ó consumo sitúase no 3,3%, 1,2 puntos por encima do mesmo en febreiro do 2003.